

SITUACIÓNS DE APRENDIZAXE

Monforte, febreiro de 2025

DEFINICIÓNS:

- **Obxectivos: Logros** que se espera que o alumnado alcanzase **ao finalizar a etapa** e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.
- **Competencias clave: Desempeños** que se consideran **imprescindibles** para que o **alumnado** poida **progresar** con garantías de éxito no seu **itinerario formativo**, e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo español das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.
- **Competencias específicas: Desempeños** que o alumnado debe poder **despregar en actividades** ou en situacións cuxo abordaxe require dos **saberes básicos de cada área**. As competencias específicas constitúen un elemento de **conexión** entre, por unha banda, *as competencias clave*, e por outra, os *saberes básicos* das áreas e os *criterios de avaliación*.
En Galicia, **obxectivos de área**.
- **Criterios de avaliación:** Referentes que indican os **niveis de desempeño** esperados no alumnado **nas situacións** ou actividades ás que se refiren as **competencias específicas** de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe.
- **Saberes básicos: Coñecementos, destrezas e actitudes** que constitúen os contidos propios dunha área e cuxo aprendizaxe é necesario para a adquisición das competencias específicas.
En Galicia, **contidos**.
- **Situacións de aprendizaxe: Situacións e actividades** que implican o desenvolvemento por parte do alumnado de **actuacións asociadas a competencias clave** e competencias **específicas**, e que contribúen á adquisición e desenvolvemento das mesmas.
- **Perfil de saída:** O perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico é a ferramenta na que se concretan os **principios e os fins do sistema educativo** español referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as **competencias clave que se espera que os alumnos e alumnas desenvolvesen** ao completar esta fase do seu **itinerario formativo**. A meta non é a mera adquisición de contidos, senón aprender a utilizalos para solucionar necesidades presentes na realidade.
- **Ámbitos: Organización curricular** que permite **integrar** as aprendizaxes básicas de diversas **materias** e impartilos de maneira globalizada e conxunta, co cal se fomenta o desenvolvemento integral do alumnado
- **Contextos de aprendizaxe:** O contexto é unha contorna real, física, de situación, de vida e de relación (Amara Berri)

- **Ambiente de aprendizaxe:** Os ambientes son espazos pedagóxicos significativos, normalmente simulando situacións reais onde os alumnos desenvólvense (tenda, consulta médica, colexio...) que posicionan ao alumnado como actor principal no escenario da aprendizaxe.

OS ÁMBITOS NA LOMLOE

PRIMARIA

Artigo 4. Agrupación de áreas en ámbitos

1. Os centros, facendo uso da súa autonomía, **poderán establecer agrupacións das áreas** indicadas no artigo 3 en ámbitos, conforme aos criterios establecidos nas súas concrecións curriculares.

2. Esta organización curricular debe **contribuír**, desde a propia estrutura do currículo e desde a metodoloxía de traballo, á consecución dos seguintes obxectivos:

a) **Consolidar e reforzar as aprendizaxes** para un adecuado desenvolvemento das competencias clave da educación primaria.

b) Motivar ao alumnado por medio de **metodoloxías activas de aprendizaxe**.

c) **Promover estratexias que faciliten a coordinación e o traballo interdisciplinario** dos equipos docentes que imparten clase a un mesmo grupo de alumnado.

3. As agrupacións por ámbitos deberán **respectar os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das áreas** que se integren nestes, así como o horario asignado ao conxunto delas. A organización dos elementos curriculares nun ámbito realizarase de maneira globalizada.

4. No caso de que os centros docentes agrupen áreas nun ámbito, o **nome do ámbito** resultante será a **concatenación mediante guións** dos nomes das áreas que constitúen devandito ámbito na orde en que aparecen no artigo 3.

Exceptúanse desta regra de nomenclatura a agrupación das áreas de **Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais** cuxo nomee do ámbito resultante será a área de **Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural**, e a agrupación das áreas de **Educación Plástica e Visual e de Música e Danza** cuxo nomee do ámbito resultante será a área de **Educación Artística**.

5. Esta medida adoptarase en **todos os grupos do nivel**.

6. A constitución destas agrupacións requirirá **autorización expresa do Servizo Territorial de Inspección Educativa**.

SECUNDARIA

Artigo 5. Agrupación de materias en ámbitos

1. Nos **tres primeiros cursos da etapa**, os centros, facendo uso da súa autonomía, poderán establecer **agrupacións de materias en ámbitos**, conforme aos criterios establecidos nas súas concrecións curriculares.

2. Esta organización curricular debe **contribuír**, desde a propia estrutura do currículo e desde a metodoloxía de traballo, á consecución dos seguintes obxectivos:

a) **Consolidar e reforzar as aprendizaxes** para un adecuado desenvolvemento das competencias clave da educación secundaria obrigatoria.

b) **Motivar** ao alumnado por medio de **metodoloxías activas de aprendizaxe**.

c) Promover **estratexias que faciliten a coordinación e o traballo interdisciplinario** dos equipos docentes que imparten clase a un mesmo grupo de alumnado.

3. Nas agrupacións por ámbitos teranse en conta as seguintes **consideracións**:

a) Deberán **respectarse os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos** das materias que se integren nestes, así como o horario asignado ao conxunto delas. Con carácter xeral, a organización dos elementos curriculares nun ámbito realizarase de maneira globalizada.

b) O **nome** do ámbito resultante será a **concatenación mediante guións** dos nomes das materias que constitúen devandito ámbito na orde en que aparecen nos artigos 9 e 10 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

c) A medida **non condiciona a todos os grupos do nivel** nin tampouco obriga a agrupar todas as materias en ámbitos.

d) No caso de **agrupar no ámbito unha materia optativa** do **terceiro** curso, esta **debe ser cursada por todo o alumnado do grupo**.

e) **Cada ámbito específico** será **impartido por unha única profesora ou un único profesor** con atribución docente nalgunha das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

No caso de que a materia **Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua Estranxeira** forme **parte do ámbito** e este sexa impartido por unha profesora ou un profesor dunha especialidade diferente á que é propia desas materias, deberá **acreditar**, polo menos, o **nivel B2** do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas na lingua correspondente.

4. A constitución destes agrupamentos requirirá **autorización** expresa do **Servizo Territorial de Inspección Educativa**.

Situacións de Aprendizaxe

1. Introducción

As situacións de aprendizaxe son *"situacións e actividades que implican o desenvolvemento por parte do alumnado de actuacións asociadas a competencias clave e competencias específicas, e que contribúen á adquisición e desenvolvemento das mesmas"*. Son unha ferramenta para integrar elementos curriculares mediante actividades significativas e relevantes, con base en situacións da vida cotiá. Teñen un enfoque competencial e son avaliáveis.

2. Diferencias con Outras Estratexias

• Unidade Didáctica (UD)

A Unidade Didáctica, segundo a LOXSE, é "unidade de programación e actuación docente configurada por un conxunto de actividades que se desenvolven nun tempo determinado, para a consecución duns obxectivos didácticos".

Diferenzas principais entre unha UD e unha SdA:

- **Concepto máis amplo:** A SdA abrangue unha visión máis global da aprendizaxe.
- **Inclusión da UD:** Cada UD pode conter SdA dentro da súa estrutura.
- **Atención aos contidos:** A UD pon máis énfase nos contidos, mentres que a SdA prioriza a competencia e a súa aplicación en situacións reais.

• Unidade Didáctica Integrada (UDI)

As UD evolucionaron na LOMCE a Unidades Didácticas Integradas, converténdose en ferramentas para desenvolver obxectivos e competencias clave.

Diferenzas principais entre unha UDI e unha SdA:

- **Variación do produto final:** Na UDI a aprendizaxe está estruturada nun proceso máis pechado, mentres que a SdA ten maior flexibilidade no produto final.
- **Inclusión e contexto:** As SdA enfatizan máis en situacións da vida cotiá e teñen un enfoque máis inclusivo.

• Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP)

A Aprendizaxe Baseada en Proxectos é "unha metodoloxía que permite aos alumnos adquirir os coñecementos e competencias clave no século XXI mediante a elaboración de proxectos que dan resposta a problemas da vida real".

Relación entre ABP e SdA:

- **Concepto máis amplo:** O ABP abrangue unha metodoloxía máis extensa, dentro da cal poden existir SdA.

- **Enfoque activo:** As SdA forman parte da aprendizaxe activa promovida polo ABP.
- **SABP:** Xorde o concepto de Situación de Aprendizaxe Baseada en Proxectos (SABP), integrando ambas metodoloxías.

3. Elementos das Situacións de Aprendizaxe

As SdA estrutúranse en diversos elementos que permiten a súa planificación e aplicación efectiva na aula:

1. **Título:** Debe ser claro e directo, se pode ser motivador, mellor. Representa a idea central da aprendizaxe.
2. **Xustificación:** Expón de maneira breve a motivación para abordar este tema. Que nos fixo pensar que é necesario traballar esta temática?
3. **Contextualización:** Dá sentido á SdA. Describe a situación cotiá problemática á que nos enfrontamos e presenta o reto ao alumnado.
4. **Concreción curricular:**
 - **Competencias clave:** Relación das competencias que se traballarán.
 - **Obxectivos de área:** Determinación dos obxectivos específicos en relación co currículo.
 - **Contidos:** Selección dos contidos esenciais que se traballarán de maneira integrada.
5. **Metodoloxía:**
 - Estratexias de ensino-aprendizaxe como aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en retos e metodoloxías activas centradas no alumnado.
 - Tipos de agrupamento: individual, parellas, pequeno grupo, gran grupo.
 - Uso de recursos dixitais e manipulativos para diversificar a aprendizaxe.
 - Fomento da experimentación, a investigación e o traballo colaborativo como estratexias principais.
6. **Secuencia didáctica:**
 - **Fase inicial:** Presentación da situación, activación de coñecementos previos e formulación do reto.
 - **Fase de desenvolvemento:** Realización de actividades que permitan a exploración, análise e construción de coñecementos.
 - **Fase de peche:** Reflexión sobre o aprendido, elaboración dun produto final ou conclusión, avaliación do proceso.
 - **Temporalización estimada:** Organización das sesións e distribución das actividades ao longo do tempo.

- **Adaptabilidade:** Flexibilidade na planificación para atender ás dinámicas do grupo e necesidades individuais.

7. **Atención á diversidade:**

- Medidas xerais baseadas nos principios do **Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA)**:
 1. **Múltiples formas de representación:** proporcionar diferentes maneiras de presentar a información (visual, auditiva, manipulativa).
 2. **Múltiples formas de expresión:** permitir que o alumnado demostre o seu coñecemento de diferentes maneiras (escrito, oral, audiovisual).
 3. **Múltiples formas de implicación:** fomentar a motivación do alumnado mediante actividades variadas e adaptadas aos seus intereses.
- Medidas específicas en función das necesidades do alumnado.
- Uso de materiais e recursos accesibles para garantir a participación de todo o alumnado.

8. **Avaliación:**

- Selección de criterios de avaliación baseados nas competencias clave.
- Instrumentos empregados (rúbricas, observación directa, autoavaliación e coavaliación).
- Reflexión sobre a aprendizaxe adquirida, facilitando o desenvolvemento do pensamento crítico e metacognitivo.
- Propostas de mellora baseadas na análise do proceso de aprendizaxe.

9. **Recursos:**

- Materiais e ferramentas necesarias para desenvolver a SdA.
- Tecnoloxías e espazos de aprendizaxe adaptados ás necesidades do alumnado.

TÍTULO		
NIVEL	ÁREA/S	
OBXECTIVOS DA SITUACIÓN		
CONTEXTUALIZACIÓN		
CONCRECIÓN CURRICULAR		
COMPETENCIAS CLAVE	OBXECTIVOS	CONTIDOS
METODOLOXÍA		
DESENVOLVEMENTO		AGRUPAMENTOS
SECUENCIA DIDÁCTICA E DE ACTIVIDADES		
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE		
AVALIACIÓN		
CRITERIOS	INSTRUMENTOS	
RECURSOS		